5.- Propostas de futuro e directrices estratéxicas

No capítulo 2 deste informe abordouse unha análise da situación socioeconómica de Ferrol e a súa área de influencia dende un punto de vista cuantitativo, reflectindo as principais características e singularidades do territorio, así como a súa comparación co conxunto de Galicia e, na medida do posible, coa situación nas principais cidades da comunidade Autónoma. Posteriormente, realizouse unha análise máis cualitativa sistematizando nunha matriz DAFO os elementos que con maior relevancia condicionan ou caracterizan o desenvolvemento económico e social das tres comarcas que conforman a área de influencia de Ferrol.

A partir da síntese deses diagnósticos, este capítulo pretende presentar a modo de conclusións unha serie de propostas de futuro consideradas como prioritarias ou urxentes polos axentes económicos e sociais do territorio, así como as directrices estratéxicas que senten as bases dun novo modelo de desenvolvemento e mellora da competitividade de Ferrol e a súa área de influencia.

Perante o devandito desafío de definir un novo modelo de crecemento económico, adquire unha especial importancia a participación e o entendemento frutífero entre todos os axentes sociais e económicos, a sociedade civil e as distintas institucións públicas. Dunha banda, considérase necesario desenvolver estratexias de coordinación entre todas as partes implicadas no desenvolvemento económico da área. Doutra banda, debe asumirse o compromiso de rexeneración da actividade económica mediante a definición de medidas de acción prioritarias, a dotación de financiamento e o cumprimento de prazos de finalización das actuacións que se propoñan.

Asemade, a definición dese novo modelo debe contemplar como urxente a posta en marcha de medidas dirixidas a reducir as dificultades existentes para a creación, funcionamento e consolidación das empresas e autónomos, en razón, fundamentalmente, da burocracia existente. En efecto, as dificultades empresariais non sempre están relacionadas coa viabilidade dos proxectos

senón tamén coa lentitude administrativa, que fai retrasar o inicio da actividade nos momentos axeitados para facela viable.

De xeito máis específico para Ferrol e a súa área de influencia, e sen que a enumeración pretenda reflectir unha orde de prioridade, recóllense a continuación as directrices estratéxicas e propostas de futuro máis salientables para o desenvolvemento socioeconómico do territorio.

1.- Impulsar un Plan de Emprego adecuado ás características e singularidades propias das comarcas

Nun contexto onde os principais indicadores macroeconómicos reflicten a saída da recesión e un crecemento continuo do PIB galego, Ferrol e a súa área de influencia segue a experimentar unha perda continuada de poboación e de destrución de emprego, o que esixe a elaboración e posta en marcha dun Plan de Emprego que, entre outros elementos, incentive a fixación da poboación nas tres comarcas analizadas neste estudio e corrixa os fortes desequilibrios entre os concellos urbanos, onde se atopa a maior parte da industria e poboación, e os concellos de carácter rural, máis dependentes do sector agrario e actividades relacionadas coa explotación de recursos naturais.

2.- Formular un plan de redefinición da política industrial que resposte ás expectativas necesarias ao potencial naval

Tendo en conta a histórica vinculación da zona co sector naval, e dado que este segue a considerarse como un dos sectores sobre os que debe basearse o futuro socioeconómico do territorio, enténdese como urxente a elaboración dun Plan de Reindustrialización dirixido á obtención de resultados que contemple a reactivación da construción naval civil e militar e actividades complementarias; o fortalecemento da competitividade do sector que permita garantir a súa viabilidade; así como todas aquelas áreas de negocio susceptibles de utilizar as súas infraestruturas.

Neste senso, entre as actuacións que debería contemplar están, entre outras, a creación dun complexo integral da construción naval na ría de Ferrol, como unidade territorial autónoma; a posta en marcha do Centro tecnolóxico; medidas de rexuvenecemento do plantel do sector naval; reforzar as actuacións en materia de política comercial para a consecución de máis contratos para Navantia e para as súas distintas áreas de negocio (factoría naval, reparacións, turbinas); ou a posta en marcha do proxecto de construción dun dique dunha dimensión suficiente.

Tendo en conta que o sector naval é un dos sectores estratéxicos recollidos na Industria 4.0, sería positivo valorar a posibilidade da participación da Xunta no consello de administración de Navantia.

Non se debe esquecer a situación privilexiada de contar con tres actores fundamentais no sector naval, con funcións complementarias que apoian a cooperación: a Universidade (con forte peso en titulacións técnicas), Navantia e a Armada. É necesario potenciar esta fortaleza desenvolvendo unha forte alianza entre estes tres eixes principais, cun plan de acción conxunto encamiñado a reactivar a actividade e o emprego na industria e a comarca, buscando ao mesmo tempo visibilidade e posicionamento internacional que nos permita reter e atraer o talento á zona.

3.- Diversificar o tecido produtivo cara outros sectores de actividade

Completando ás medidas dirixidas a reforzar o sector naval como sector estratéxico, debe deseñarse e consensuarse un Plan para a diversificación produtiva cunha visión a medio

e longo prazo. Este plan debe identificar e promover novas cadeas de valor xeradoras de emprego e riqueza debe facerse dende unha formulación de crecemento endóxeno. O obxectivo final é configurar un tecido produtivo cunha estrutura e distribución sectorial máis equilibrada e reducir a excesiva dependencia da área da evolución do sector naval e a súa industria auxiliar.

En opinión do CES, as directrices estratéxicas que se definan para atopar vías de futuro económico e social para as tres comarcas que conforman a área obxecto de estudo deberá ter en conta a súa enorme potencialidade para desenvolver actuacións relacionadas coa enerxía limpa e o emprego verde. Nesta liña, as propostas de futuro que se consideran prioritarias para a diversificación do tecido produtivo de Ferrol e a súa área de influencia son:

- Recuperar a importancia do **sector eólico** dentro dunha aposta polas enerxías renovables, incluído o sector eólico mariño;

- Impulsar unha maior presenza estatal e internacional no sector *off-shore*, tanto no eido do eólico como na extracción de cru, petróleo, gas...;

- Potenciar as actividades do sector da **construción** vinculadas á rehabilitación de zonas urbanas, comezando por aqueles edificios patrimonio das diferentes administracións, e aumentando a dotación de fondos públicos para subvencións destinadas a particulares afectados polos plans urbanísticos.

  O casco vello de Ferrol precisa de actuacións que son necesarias para que non desapareza parte da súa historia. Entre outras, considérase necesario facilitar as condicións de habitabilidade nos cascos históricos (Magdalena e Ferrol Vello) que están quedando completamente despoboados, mellorar os inmobles (obras que non afecten a fachadas, instalación de ascensores, creación de garaxes, etc), así como mellorar as rúas, accesos e instalacións (actuacións que eliminen o risco de derrube de edificios en mal estado, iluminación adecuada, regulación do tráfico, accesos fáciles de servizos, incentivar a implantación de servizos de gardarías, etc). Todas estas medidas deben compatibilizar o respecto aos barrios históricos coa forma de vida da sociedade do século XXI.

- Intensificar o apoio ao sector marisqueiro tanto a través de rexeneración dos bancos marisqueiros como daquelas outras relacionadas co saneamento e protección medioambiental. Dunha banda, considérase necesario seguir cos proxectos de rexeneración dos bancos marisqueiros, a fin de aproveitar a capacidade produtiva da totalidade da ría, e continuar cos proxectos e traballos de limpeza de fondos e traslados. Doutra banda, ademais das propostas recollidas no punto sete, cómpre destacar, entre outros aspectos, a necesidade de mellorar o protocolo de reinstalación nas bateas de depuración do marisco procedente das zonas con problemas de contaminación (zona C) ou o saneamento integral do ámbito marítimo terrestre de tódolos concellos da ría ata a desaparición definitiva das zonas C.

- Potenciar o sector forestal-industria madeira tanto pola súa importancia económica (xeración de riqueza e emprego) como social (fixación poboacional, mellora medioambiental...).

- No que ao **sector terciario** se refire, máis alá das tradicionais actividades do comercio e a hostalaría, enténdese necesario desenvolver actuacións para

que os servizos públicos de calidade, os servizos ás empresas, os de proximidade, as novas fontes de emprego ligadas aos servizos ás persoas ou á cultura do ocio teñan un maior peso no núcleo de actividades de Ferrol e a súa área de influencia.

• Dar un maior impulso ao sector de **turismo** de calidade vinculado ás grandes potencialidades ambientais da zona. Con todo, no eido do turismo cómpre mencionar a mellora existente nos últimos anos debido a actuacións como a coordinación turística entre as tres comarcas, o fomento do Camiño Inglés, o apoio ao investimento dos establecementos hostaleiros e o comercio para a súa modernización, o apoio ao tráfico de cruceiros, etc.

A conversión en lago da antiga mina de lignitos de As Pontes abre un novo campo de actividade económica vencellada ao turismo, ocio e actividades deportivas.

• Vinculado ao desenvolvemento da actividade do porto exterior de Ferrol, é necesario potenciar a loxística e as actividades anexas ao transporte.

4.- Mellorar as infraestruturas de comunicación e mobilidade

Tradicionalmente, a comarca de Ferrol caracterizouse, en termos de infraestruturas, por un déficit de infraestruturas de comunicación moi superior ao doutras áreas urbanas galegas e ao do conxunto de Galicia. Nembargante, hai que salientar os importantes avances experimentados por mor do apoio e coordinación dos distintos ámbitos, tanto públicos como privados.

Con todo, aprécianse carencias nas infraestruturas de transporte ferroviario (mercadorías, rede interior e rede de alta capacidade que enlace Galicia coa meseta) así como en relación ás conexións co porto exterior, á mobilidade interna mediante un sistema de transporte público de calidade. Entre outras propostas cómpre destacar as seguintes:

• Incrementar e mellorar a oferta de servizos de transporte ferroviario tanto entre as principais cidades galegas como no que atinxe á conexión coa meseta para incrementar as posibilidades de movemento de entrada e saída tanto de persoas como de mercadorías.

• Demandar unha mellora do mantemento das infraestruturas e do material de viaxeiros co obxectivo de reducir posibles atrasos e suspensións de servizos, sobre todo nos servizos de ancho métrico (antiga FEVE).

• Mellorar as infraestruturas de comunicación viaria co obxectivo de acadar unha maior accesibilidade aos núcleos urbanos e a aqueles puntos de especial relevancia como poden ser o hospital, o campus universitario ou os parques empresariais e tecnolóxicos, entre outros.

• Ligado ao punto anterior, fomentar o uso do transporte metropolitano de xeito que facilite a conexión directa dos principais núcleos urbanos con Ferrol.

• Potenciar a intermodalidade para mellorar a capacidade de conexión dos diferentes medios de transporte.

• Fomentar unha adecuada planificación e xestión urbanística.

5.- Potenciar a actividade do porto exterior de Ferrol

• Mellorar a intermodalidade, favorecendo unha maior accesibilidade e capacidade de conexión dos diferentes medios de transporte coas infraestrutu-

ras e instalacións do porto, o que permitirá ampliar a súa zona de influencia para a captación de tráficos. Asemade, o porto exterior ten que ser quen de atraer empresas á Ferrol e a súa área de influencia.

• Impulsar o sector da loxística e as actividades anexas ao sector transporte.

6.- Intensificar as medidas de saneamento e protección ambiental da ría de Ferrol

No eido das infraestruturas medioambientais enténdese prioritario rematar o saneamento da ría o que permitirá recuperar a súa forte potencialidade como fonte de creación de riqueza e postos de traballo. Para iso, sería necesario a aprobación dun plan de usos integral e racional da mesma que teña en conta as especiais características da ría de Ferrol –a súa bocana moi estreita, a gran actividade industrial existente e os continuos recheos, provocan que a renovación das súas augas sexa limitada e as correntes mariñas teñan menos efectos renovables- e contemple, entre outras actuacións, un control minucioso dos vertidos e dos efectos da industria no medio mariño, ou o remate da canalización da zona norte da ría e a posta en funcionamento da EDAR.

7.- Dotar a Ferrol e a súa área de parques industriais de calidade

O impulso da mellora da oferta de solo empresarial, xunto ás medidas existentes relacionadas co prezo do solo, teñen de vir vinculadas aos seguintes aspectos:

• Fomentar unha adecuada planificación e xestión urbanística, permitindo un desenvolvemento empresarial regulado e ordenado que atenda ás necesidades actuais e futuras do tecido empresarial.

• Promover a cooperación entre os distintos promotores co obxectivo de mellorar a calidade dos parques empresariais para convertelos en polos de atracción de novas empresas e investimentos.

• Ofrecer servizos avanzados e de calidade en materia de telecomunicacións, asesoramento, transferencia de tecnoloxía, seguridade, recollida de residuos...

8.- Desenvolver políticas sociais adecuadas á situación do territorio

Tendo en conta a dinámica e a estrutura demográfica do territorio, a evolución do mercado de traballo, as elevadas taxas de risco de pobreza e exclusión social ou a devandita dualidade entre o ámbito rural-urbano, urxe implementar medidas de actuación orientadas a incentivar a permanencia da poboación nos diferentes concellos e a fomentar unha maior calidade de vida e benestar da poboación na área.

9.- Potenciar a relación efectiva entre a Universidade e a empresa, especialmente no ámbito da I+D+i

• Considérase necesario xerar unha maior sensibilización sobre a importancia da función do campus universitario de Ferrol como elemento dinamizador de transferencia de coñecemento adaptado ás demandas do tecido produtivo de Ferrol e a súa área de influencia. Precisamente a Universidade terá que ter un papel activo no deseño das opcións de futuro da área.

• Propiciar un maior achegamento das empresas aos centros tecnolóxicos e universitarios para colaborar en proxectos de I+D, aumentando así a súa capacidade innovadora e o desenvolvemento tecnolóxico. Ademais, neste eido da innovación considérase

necesario garantir o pleno funcionamento das actuacións do Campus Industrial no ano 2020.

• Potenciar a relación entre Navantia, o Campus de Ferrol e a Armada como polo de desenvolvemento das comarcas.

10.- Outras oportunidades propostas arredor da Universidade

No que atinxe á actividade docente e de estudantes proponse promover titulacións a nivel nacional e internacional en aras de incrementar o número de alumnos matriculados, así como medidas que aumenten o apego de docentes e estudantes a Ferrol e a súa área. .❑